

Don Leopoldo Moure García, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

C E R T I F I C O : Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 5 de novembro de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

5. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA E CONVOCATORIA DE LICITACIÓN PÚBLICA CORRESPONDENTE AO "SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA LOS TRABAJOS DE ANÁLISIS Y ESTUDIO DE LA EVOLUCIÓN DE LA CIUDAD DE FERROL A TRAVÉS DE SU PATRIMONIO MMI (WP4) Y ELABORACIÓN DEL PLAN DIRECTOR Y PLAN DE GESTIÓN DEL PATRIMONIO MMI DEL CONCELLO DE FERROL (WP5) (AVS 01002 18/12)", E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. Examinada a proposta que eleva o Xefe do Servizo de Contratación, que textualmente di:

"A concelleira de Urbanismo e Infraestruturas remitiu á Unidade de Contratación a documentación preparatoria do expediente de licitación do "SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA LOS TRABAJOS DE ANÁLISIS Y ESTUDIO DE LA EVOLUCIÓN DE LA CIUDAD DE FERROL A TRAVÉS DE SU PATRIMONIO MMI (WP4) Y ELABORACIÓN DEL PLAN DIRECTOR Y PLAN DE GESTIÓN DEL PATRIMONIO MMI DEL CONCELLO DE FERROL (WP5)".

O referido Proxecto se atopa cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa operativo INTERREG Espacio Atlántico 2014-2020 do que o Concello de Ferrol ostenta a condición de beneficiario principal e xefe de fila, segundo consta na documentación remitida.

Constan incorporados ao expediente a memoria xustificativa da necesidade da contratación, o informe de insuficiencia de medios, os pregos de prescricións técnicas e os pregos de cláusulas administrativas e informe xurídico de contratación de data 03/10/2018.

O proxecto MMIAH ten como obxectivo a posta en valor do borde litoral urbano do Espacio Atlántico a través da recuperación de bens en desuso asociados ao patrimonio militar, marítimo e industrial das cidades costeiras, facilitar o uso social dos mesmos e xenerar actividades de valor engadido en torno e eles co fin de promover o turismo cultural como factor de sostenibilidade económica.

Segundo consta na documentación remitida "A execución do programa implica a dirección e coordinación dunha pluralidade de membros do proxecto doutros países europeos nunha materia pluridisciplinar, non existindo na relación de postos de traballo desta Administración

posto algún adecuado para o desenvolvemento destas labores. Neste senso, o propio programa incorpora unha partida para financiar dita contratación”.

O orzamento base de licitación do servizo a contratar ascende á cantidade de 30.000,00 € sen IVE (36.300,00 € co 21% IVE incluído) consonte a seguinte estimación de gasto por anualidades:

ANUALIDAD	IMPORTE
2018	14.520,00 €
2019	21.780,00 €

O prazo de execución será de seis (6) meses dende o día seguinte á formalización do contrato.

Atendendo ás características do contrato o procedemento proposto polo departamento promotor para a súa adxudicación é o procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación (subxetivos e obxectivos).

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda da LCSP respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais, e no punto 3 da Disposición Adicional Décimoquinta da LCSP, na presente licitación non se esixe a presentación de ofertas utilizando medios electrónicos, atendendo ao informe específico de data 22/06/2018 incorporado ao expediente, sen que resulte posible a demora na contratación sen prexudicar o interese xeral atendendo aos prazos do propio programa.

Con carácter previo á aprobación do expediente deberase incorporar informe de intervención sobre fiscalización do gasto nos termos da DA 3ª da LCSP.

Examinada a documentación que se acompaña e de conformidade co establecido nos artigos 116, 117 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente en virtude da delegación conferida pola Alcaldía mediante Resolución de data 1 de xuño de 2016 a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas que rexerán a contratación do “SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA LOS TRABAJOS DE ANÁLISIS Y ESTUDIO DE LA EVOLUCIÓN DE LA CIUDAD DE FERROL A TRAVÉS DE SU PATRIMONIO MMI (WP4) Y ELABORACIÓN DEL PLAN DIRECTOR Y PLAN DE GESTIÓN DEL PATRIMONIO MMI DEL CONCELLO DE FERROL (WP5)” cofinanciado polo FEDER dentro da convocataria de axudas do programa de

cooperación territorial Interreg Espacio Atlántico 2014-2020, e outorgarlle o seguinte número de expediente AVS 01002 18/33

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente a dita contratación por importe de 36.300,00 € (21% IVE incluído) e imputalo á aplicación 01002 4391 22706 do orzamento municipal consonte o seguinte desglose estimado de gasto:

ANUALIDAD	IMPORTE
2018	14.520,00 €
2019	21.780,00 €

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público con pluralidade de criterios de valoración e tramitación urxente, nas condicións e prazos indicados nos Pregos e proceder á publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante do órgano de contratación aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- Dispensar a utilización de medios electrónicos para a presentación de ofertas neste procedemento polas razóns reflectidas no informe específico de data 22 de xuño de 2018.”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita.

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Iltmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, a 6 de novembro de 2018.

Vº e Pr
ALCALDE



